

Capítulo I

En Outubro de 1453 a cidade de Burdeos capitulou. As correrías dos ingleses polo solar galo estaban a piques de rematar xa que estes só conservaban a praza de Calais. A guerra dos Cen Anos, conflito franco-inglés, deixou nos contendentes unhas cicatrices moi difíciles de curar e uns sentimentos patrióticos e nacionalistas cada vez máis profundos. Unha ringleira de mortes e devastacións estragaran as campañas francesas e os valores sociais, políticos, económicos e, aínda, culturais e relixiosos perdéronse para sempre; ese equilibrio europeo establecido con anterioridade fora tan só un espellismo.

As baixas foron numerosas, sobre todo dentro da nobreza, xa non digamos nalgunha liñaxe gala que desapareceu case na súa totalidade. As restantes consecuencias foron moi diversas, dependendo de cada un dos púxiles posto que para Francia supuxo un triunfo claro da monarquía; mais, xusto cando rematou esta lonxeva guerra, para Inglaterra deu comezo un novo conflito: a chamada “Guerra das dúas Rosas”, na que as dúas principais familias enredadas na mesma utilizaban no seu emblema unha rosa: vermella os Lancaster, branca os Iork.

Por aquel entón, Hasefus debatíase entre o que lle dictaba o seu compromiso e o que realmente desexaba facer. En boa

medida, a soldada que recibira polos servicios prestados como mercenario ao lado de Ricardo de Iork permitíalle un certo desafogo económico.

Corría o ano de 1.456.

Era sabedor de que o enfrontamento estalara, fundamentalmente, por unha absurda pugna entre familias aristocráticas e, aínda que mantiña unha certa amizade con Eduardo de la Marche, fillo de Ricardo de Iork, isto non foi impedimento para que enfundase a súa espada e se afastase de batallas e razzias que non o levaban máis alá de expoñer a súa vida conforme pasaban os días.

Nos anos sucesivos percorrera condados, cidades e vilas esgotando todo o seu pecunio. Por fin, en St. Albans, coñeceu a viúva dun ferreiro que o acolleu na súa casa a cambio de labores domésticos propios dun varón. Co transcorrer do tempo a chamada da carne pediu o seu tributo e fixéronse amantes.

Certamente, a vila era xeitosa e acollidora. Aquela presa de cabanas ás beiras do río Trent eran un paraíso se o comparaba cos ermos campos de batalla ou cos acampamentos da hoste na que el servira. O aire cheiraba a salvia e pirixel, non como as campiñas tismadas de sangue despois dun combate. Ulíase a paz. O sosego era a característica dominante daquela labrega paraxe.

Ao principio, a relación con aquela muller transcorrera con normalidade: deitábanse cedo e brincaban case toda a noite. Pero, paulatinamente, Margarida comezou a mostrarse cada vez máis posesiva e menos xenerosa. A penas eran tres ducias de feixós as que chegaban ao prato de Hasefus e o viño que regaba a súa gorxa era acedo e balorecido.

Os aldeáns alcumaban a Margarida “a picarda”, posto que procedía da rexión francesa de Picardía, concretamente, e, con-

forme palabras daquela femia, da cidade de Crécy. Non se relacionaba con ningún veciño e as linguas bífidas da aldea marcaban terribles comentarios dela: considerábanla bruxa e sospeitaban que empezoñara o seu pobre esposo, Hermann o ferreiro. O único incuestionable que Margarida tiña no seu haber era un físico envexado por todas as mulleres do lugar: unha pel tersa como a seda, uns peitos erectos e ameloados e unhas pernas capaces de facer perder a cabeza a calquera mortal.

Hassefus posuía todo aquilo mais carecía dunha liberdade de acción que a súa amante abortaba en todo momento.

O nadal de 1.461 foi moi grato para Hassefus. Os lancasterianos foran esmagados en Towton. Enrique VI, a raíña e o príncipe herdeiro fuxiron a Escocia. Eduardo IV fora o meirande triunfador. Deste xeito, os Iork suplantaron no trono aos Lancaster.

Esa noite non puido conciliar o sono. Estaba nervioso e apesado, aínda que posuía motivos de abondo para estar canso despois dos habituais envorcóns coa súa compañeira de leito.

A súa mente reviviu vellos recordos de rifas e batallas... Unha tarde preto de St. Gregory Locks, un entrañable camarada de armas salváralle a vida. Parecía como se estivesen pasando de novo aqueles instantes. Aquel lúgubre bosque, húmido, silencioso... Aqueles tres xinetes de helmos revirados polos impactos das bestas xurdiron de entre a espesura. Hassefus advertiu o perigo. Foi como se se resignase ao seu destino; tiña moitas probabilidades de perder alí mesmo a vida. Pero ao seu lado estaba Otto de Worms coa súa espada e o seu poderoso brazo para axudalo.

Unha cabeza rodou preto dos seus pés, el soamente tivo que abater un dos xinetes coa súa lanza, dos outros dous deu boa conta o seu camarada.

— ¡Isto é vida, irmán! -roñaba Otto cada vez que se apoderaban dun botín tras o saqueo dun ribat.

Verdadeiramente, foran bos tempos. Repartíanse case todo, incluíndo as mulleres; bebían do mesmo viño, xantaban do mesmo xabaríl... Foran bos tempos.

— Otto -interrogaba Hasefus- ¿Que farás cando exterminemos eses porcos? ¿É posible que te agarde algunha muller na túa terra?

O bo Otto de Worms encollíase de ombros diante de todas estas cuestións, miraba alén do horizonte cos seus olliños chispóns e a miúdo balbucía con trémula voz —¿Que será da miña amada Frigda?

Foi bo compañeiro, amigo entre os amigos, tal e como adoitan ser os mellores normandos. Foi un bo normando, pero aquela cruel frecha...

Estaba caendo unha forte bategada e, aínda que a treboada descargaba toda a súa furia bastante lonxe, a pequena aldea de St. Albans iluminábase con cada tralla que o poderoso Zeus enviaba cara á terra.

Os cabalos estaban intranquilos, rinchaban nas cortes. Pero o que acabou por poñelo máis nervioso foron aqueles lastimeiros ouveos. Era como se os cans estivesen dentro do seu cerebro.

Margarida “a picarda” durmía a perna solta.

Hasefus incorporouse con brusquidade da cama. Tivo que arrouparse coa súa pel de oso para que a friaxe non se apoderase do seu corpo. Era unha noite desas nas que o lugar máis propicio onde acubillarse era baixo dun teitume, ao carón dun bo

lume. Poucos guerreiros, mesmo os máis temerarios, ousarían cabalgar naquelas circunstancias.

Narraban os contos populares que, nas noites intempestivas como aquela, na espesura do bosque, rondaba a sombra de Mallgor, o gran lobo mouro.

As tebras envolvíanlo todo. Nin un son familiar e esperanzador, só os ouveos dos cans e a fugaz luz do gran raio. Pobres daqueles que se adentrasen no bosque, Mallgor podería ceir á súa costa.

Dicía o ancián Hidacio, alquimista e sabedor de remedios contra males, que non soamente Mallgor deambulaba entre a espesura. Nas noites coma esa reinaba Lucifugo, príncipe do mal, o seu lugartenente Belcebut, diaño dos infernos e gran arcano do sangue, e o seu chanceler e ministro da guerra, o gran Duque Astharot.

Ningún ser parido de femia faría fronte a criaturas tan poderosas.

Hassefus permanecía inerte, como paralizado tras o fachi-nelo.

O seus negros ollos alumaban con violencia polos resplandores eléctricos regurxitados desde o ceo. A noite estaba fría, dunha mestura entre ocultismo e fatalidade. A súa mente deixábase arrastrar por vagas ideas... O seu corpo era unha masa baldeira, apoucada de paixóns. Os seus músculos estaban tensos, como preparados para soportar calquera sobresalto.

De entre a negrura do bosque, abaneada nas sombras, xurdiu de súpeto unha figura que o fixo reaccionar de inmediato. Con pasos tardos e compasados, aquel ser íase achegando á aldea.

¿Quen podería ser? ¿Que humano, estando axuizado, ousaba saír aquela noite?

— Non pode ser cristián -pensou el-, só un ente demoníaco sería capaz daquela fazaña.

Aquela silueta, agora ben visible para os seus ollos, permanecía inmóbil fronte á cabana. Tratábase dunha fermosísima femia, de longo van e cabelos roxos, a barullo. O seu espido corpo deixábase percorrer impasible pola choiva. Ela permanecía alí, como se se tratase dunha estatua, bambeada por Eolo, hipnotizada.

Ambas olladas cruzáronse intensamente durante un tempo que, a Hassefus, lle pareceu unha eternidade. Sentía que os arrepiños se estaban apoderando del, mesmo das súas vísceras, ata da súa alma inmortal.

— ¿Quen es? ¿De onde procedes, besta disfrazada de muller de mulleres? ¿Es acaso a morte que vés a buscarme?

Ela seguía alí coa súa xélida e fonda mirada. De súpeto, levantou un dos brazos ata a altura dos seus peitos deixando caer na lama un obxecto brillante, sen apartar a súa vista da retina do home.

Hassefus non caía na conta daquel estraño ricto dos seus beizos, de toda aquela inusual escena que estaba contemplando.

A muller deu as costas á cabana e, adiantándose con abraiante lentitude por onde aparecera, fundiuse novamente na escuridade vexetal, nas vísceras da noite.

O tintinar das gotas de auga que caían nunha barreña pegada á parede exterior da choupana, e o alegre chíó dun reiseñor foron suficientes motivos para espertar o visionario.

Era unha espléndida mañá. Os feixes de luz enroscábanse entre as pólas dos carballos próximos ao poboado. A lucidez do amencer flirteaba coa natureza. O frondoso bosque vestíase de feitizo, semellaba como se xamais acaecese a terrible e angustiosa noite pasada.

— Aquela dama de longos cabelos dourados, aquela mirada penetrante... ¡Que horrible pesadelo...! ¿Seica non foi tal? ¿Acaso foi realidade o que me pareceu contemplar esta noite?

A única forma de contestar as súas interrogantes era inspeccionar o lugar onde lle pareceu ollar aquela aparición.

Tan pronto como cubriu o corpo coas súas vestimentas habituais, saíu do casopo facendo caso omiso aos rogos de Margarida que aínda permanecía adurmiñada.

— ¿Estarei volvéndome tolo? ¿Que explicación podó ofrecerme se non atopo sinal ou proba ningunha do que me pareceu ver?

A terra estaba húmida, anegada. Os seus pés afundíanse na lama fresca, tal e coma se estivese pisando un xergón.

Deu voltas dun lado para outro sen ver nada anormal. A inexistencia de pegadas confundíao aínda máis, pero, de súpeto, algo escintilante afundido no lodo chamou poderosamente a súa atención.

Unha vez que limpou aquel obxecto metálico, dedicouse con serenidade a contemplalo. Descoñecía o significado daqueles símbolos esculpidos no seu anverso, signos que rodeaban xeometricamente a insignia circular que descansaba na palma da súa man. O material co que estaba feito era prata, era de boa calidade. O ourive que o brunira era un mestre. No centro, a figura dunha muller bicéfala danzando sobre un manto de caveiras.

O reverso do medallón estaba liso. Unicamente unha extensa lenda en latín enchía o campo deste espazo

— Allea simboloxía e abominable personaxe están gravados nesta xoia -pensou Hasefus- ¿Que significado terán estas frases latinas, que con tal esmero e delicadeza están impresionadas, que para aquel que as lea e coñeza o seu significado non sexan motivo de dúbida?

Aínda que o irlandés sabía como único oficio a arte da guerra e era especialista tanto en elixir unha boa montura como en brandir unha espada con gran habilidade e mestría, tiña tamén adquirida a facultade da escritura e, se ben era lento no trazo, capacitado estaba para reproducir con fidelidade nun pergamiño aquela lenda que se amosaba no revés do medallón.

Acudiu de novo ao interior e pechou con tal violencia a porta que acabou de modo repentino por espreguizar a “picarda” que, ata eses intres, dubidaba entre incorporarse do catre ou seguir abrazada polas peles betunáceas que cubrían o camastro.

Como carecía de pluma e tinta, reproduciu as frases nun retallo de coiro de vaca xa curtido, axudándose para iso dun escualido carbón que recuperou de entre as cinzas do fogar.

*Cum vita sine amicis metus plena sit, ratio ipsa
monet amicitias comparare. Memento semper
amicorum. Volo te mecum esse et fac me adiuves.
In finis terrae magnum templum in urbe est.
Agri, in quibus hodie est haec urbs, patris mei
fuerunt. Scio hostes venturos sed oppidum a
tyrano liberabis. Te moneo periculum adesse
etsi oportet venias.
Idem sum ac semper fui.*